



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Anuncio Bases SNL Cedeira

ANUNCIO

Mediante a Resolución da Alcaldía número 234/2021, do 4 de maio de 2021, foron aprobadas as seguintes Bases específicas para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como técnico/a de normalización lingüística do Concello.

BASES ESPECÍFICAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos nos postos de traballo de técnico/a de normalización lingüística do Concello.

2.-DURACIÓN DOS CONTRATOS OU NOMEAMENTOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello ou de conformidade coa regulación das subvencións que o poidan financiar.

3.-SISTEMA DE PROVISIÓN.

Concurso de méritos e entrevista curricular.

4.-XORNADA LABORAL.

A xornada completa (37,5 horas semanais) cos descansos establecidos por lei, ou a parte proporcional que se estableza en cada caso.

5.-RETRIBUCIÓN.

As correspondentes segundo as táboas salariais do persoal laboral do Concello de Cedeira para o exercicio económico en vigor para "Titulados superiores".

6.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes para participaren nas probas deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de Grao en Lingua Galega, Licenciatura en Filoloxía Galega, Licenciatura en Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués) ou outras titulacións grao/licenciatura equivalentes, sempre que estean en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5), ou estar en condicións de obtelo, na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación. A validación de títulos deberá acreditarse mediante a presentación de certificación emitida polo órgano competente.

d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.

As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas. A discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

e) Non ser persoa incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Non ser afastado/a no pasado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no cal fose afastado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a no pasado a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se for caso, para cada unha das prazas, deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a data do seu nomeamento como persoal laboral. Será nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

7.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira, na Sede Electrónica (<https://sede.cedeira.es>) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se se presentara a instancia por correo postal, deberá aparecer o selo da oficina de correos na devandita solicitude e se comunicará ao Concello a presentación da solicitude, por correo electrónico á dirección correo@cedeira.es, ou por fax ao número 981482506. Noutro caso só a data de inscrición da instancia no Rexistro do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

O prazo de presentación de solicitudes será de DIEZ DÍAS NATURAIS, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que figura como anexo I destas bases e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral de la Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados acompañado de fotocopia dos contratos laborais correspondentes (no caso de que se alegue experiencia laboral).
- Fotocopia dos títulos dos cursos de formación que alegue na fase de concurso.
- Xustificante de pago da taxa de 15 €, segundo o disposto na Ordenanza municipal 2.6, reguladora da taxa pola participación en procesos selectivos, no artigo 5.2.

A participación neste proceso implica a aceptación íntegra destas bases con autorización expresa para o tratamento dos datos persoais, incluída a publicación de resultados, para os fins que pretende esta bolsa.

Se, en calquera momento do proceso selectivo, se constata que a persoa aspirante incorreu en falsidade na documentación aportada ou na declaración na que asegura estar en posesión de determinada documentación, o órgano competente procederá á súa exclusión do proceso selectivo.

8.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía será aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal outorgando un prazo de CINCO DÍAS HÁBILES para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidas. Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándolas ou desestimándolas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

9.-COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión seleccionadora estará composta por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a, e tres vogais nomeados/as por Resolución de Alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Todos os membros da Comisión Seleccionadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Comisión Seleccionadora será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, a efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta. As decisións serán adoptadas por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a da Comisión.

A Comisión seleccionadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdiren da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Poderase nomear persoal técnico, con voz e sen voto, aos únicos efectos de asesoramento da Comisión Seleccionadora.

Os membros concorrentes ás sesións da Comisión Seleccionadora e para os efectos de percepcións de asistencias serán clasificados consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

10.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso e entrevista curricular, coas persoas candidatas que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a entrevista en chamamento único, sendo excluídas as persoas non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará os anuncios de celebración dos exercicios no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello (www.cedeira.gal) e Sede Electrónica (<https://sede.cedeira.es>).

As puntuacións do concurso e da entrevista, así o resultado do proceso selectivo farase pública mediante a publicación da correspondente acta/anuncio da Comisión Seleccionadora no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello (www.cedeira.gal).

11.-CRITERIOS DE SELECCIÓN.

11.1. FASE DE CONCURSO: máximo 20 puntos.

A) Experiencia profesional, ata un máximo de 12 puntos, que se valorará da seguinte forma:

- a) Por servizos prestados na Administración local: 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
- b) Por servizos prestados en calquera outra Administración ou entidade pública: 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
- c) Por servizos prestados na empresa privada: 0,15 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da administración ou mediante a presentación dos contratos de traballo que inclúan a descrición do traballo realizado. En ámbolos dous casos deberase achegar o informe de vida laboral. Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

B) Cursos de formación profesional, sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias da praza, impartidos por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou organismos públicos, ata un máximo de 8 puntos que se valorarán da seguinte forma:

- Por cada curso de 20 horas ou máis e menos de 50 horas: 0,05 puntos.
- Por cada curso de 50 horas ou máis e menos de 100 horas: 0,10 puntos.
- Por cada curso de 100 horas a 200 horas: 0,30 puntos.
- Por cada curso de mais de 200 horas: 0,50 puntos.

Non serán valorados os cursos de menos de 20 horas. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 20 horas e polo tanto non serán valorados.

Os títulos e diplomas ou certificados de cursos acreditaráanse mediante a aportación de fotocopia dos mesmos.

11.2. ENTREVISTA CURRICULAR: máximo 1 punto.

A Comisión seleccionadora realizará unha entrevista curricular a todos os aspirantes coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo. A Comisión preguntará sobre aspectos do currículo así como cuestións relativas as funcións a desempeñar no posto de traballo, a súa actualización de coñecementos e o coñecemento do municipio, puidendootorgar ata un máximo de 1 punto.

Para a realización desta entrevista, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación co Covid-19, debendo o aspirante presentarse coa súa mascarilla, debendo haber unha distancia mínima en todo momento entre os aspirantes de 2 metros.

12.-RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO.

Resolución do procedemento: Rematado o proceso selectivo, o tribunal disporá a publicación da puntuación final e da orde de cualificación das persoas aspirantes aprobadas, que virá dada pola suma dos méritos do concurso e a puntuación da entrevista. Para o caso de existir empate nas puntuacións dos/as aspirantes, establécense como criterios de desempate, a aplicar na orde que se indica, os seguintes:

1. Puntuación obtida no apartado A) da fase de concurso.
2. Puntuación obtida no apartado B) da fase de concurso.
3. Puntuación obtida na entrevista curricular.
4. De persistir o empate, resolverase por sorteo.

Seguidamente o Tribunal de selección elevará dita relación, xunto coas actas dos procesos selectivos, á Alcaldía co obxecto de proceder á formación da correspondente bolsa de traballo.

Formación da bolsa de traballo:

Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo o orde de puntuación obtida para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais en postos de técnico/a de normalización lingüística. A bolsa de traballo será aprobada por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e demais interesadas. A bolsa de traballo funcionará de acordo coas seguintes normas:

12.1.-Os chamamentos aos aspirantes. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos para os efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade da persoa interesada o erro na súa consignación, debendo comunicar ao Concello calquera variación destes.

Nos supostos en que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador/a se someta a un recoñecemento médico-psicolóxico que avalíe a súa adecuación no posto para desempeñar. No caso de que o traballador ou traballadora resulte non apto/a non perderá o seu lugar na bolsa de traballo e volverá a ser chamado/a cando se oferte un posto de distintas características do que foi considerado non apto/a.

12.2.-Suspensión dos chamamentos.

1. De oficio. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.
2. Por solicitude do/a interesado/a. As persoas integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada. A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

12.3.-Mellora.

No caso de que algunha persoa integrante da bolsa de traballo estivese contratada ou nomeada como funcionaria interina e fose a realizarse un novo chamamento para un posto que obxectivamente poda considerarse como de mais longa

duración ou de maior xornada, poderá solicitar ser contratada ou nomeada con preferencia ás persoas seguintes na lista. O órgano competente acordarao sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

12.4.-Situación na bolsa de traballo.

1. As persoas integrantes da bolsa de traballo nomeadas non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para o que son chamadas finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. As persoas integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocadas para faceren efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaren a esta por causa xustificada, considerando causas xustificadas o estar traballando no momento do chamamento ou estar en situación de incapacidade laboral temporal, non perderán a orde que lles corresponda na Bolsa de traballo, sempre e cando presenten documentación xustificativa xunto con solicitude de continuar formando parte da Bolsa, no rexistro xeral do Concello, no prazo de 5 días naturais dende o chamamento.

3. As persoas integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentaren ou renunciaren a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídas da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido dito prazo.

4. As persoas integrantes da bolsa de traballo que renunciaren á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídas da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido dito prazo.

12.5.-Nomeamentos e cesamentos.

Poderán conferirse nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións da persoa titular.

Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez compareza a persoa aspirante chamada segundo a orde da bolsa de traballo, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente, debendo tomar posesión e incorporarse ao posto de traballo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o nomeamento.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

12.6.-Extinción da bolsa de traballo.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases estará vixente ata que se constituía a nova bolsa que a substitúa. Sen prexuízo do anterior, entenderase que esta bolsa perde a súa vixencia transcorridos catro anos dende a data da publicación no taboleiro de edictos do Concello da Resolución da alcaldía que a aprobe, non obstante poderá ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

13.-PUBLICIDADE.

No BOP publicarase anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de solicitudes e das bases do proceso selectivo.

No taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e Sede Electrónica publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e os resultados do proceso de selección.

14.-RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, o Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Cedeira, 5 de maio de 2021.

O Alcalde

Asdo.- Pablo Diego Moreda Gil

ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE

D./dona _____, con DNI n.º _____,
con enderezo _____, con C.P. _____,
localidade _____, correo electrónico _____, teléfono _____

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como técnico/a de normalización lingüística.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral de la Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados acompañado de fotocopia dos contratos laborais correspondentes (no caso de que se alegue experiencia laboral).
- Fotocopia dos títulos dos cursos de formación que alegue na fase de concurso.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Xustificante de pago da taxa.

Polo exposto, **SOLICITA:**

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido.

E declara baixo xuramento:

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.

Non ser persoa incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Non ser afastado/a no pasado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no cal fose afastado/a ou inhabilitado/a.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a no pasado a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, non ser condenado/a no pasado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

AUTOLIQUIDACIÓN		
Concello de Cedeira		CIF P-1502200-G
Taxa de Probas Selectivas (Ordenanza nº 2.6)	Código: 329.01	
Exercicio/Período: 2021		
CÁLCULO DA COTA A INGRESAR (Euros)		
Denominación do proceso: Formación de bolsa de traballo de técnico normalización lingüística		Importe
Probas de acceso o Grupo A1 ou categorías de persoal laboral asimilables		15,00 €
Lugar de ingreso: BBVA ES70 0182 0622 4100 0000 0055 La Caixa ES37 2100 4936 5822 0000 4470 NCG Banco ES15 2080 5196 2931 1000 0027 Banco Pastor ES57 0238 8151 9006 6000 0271 O abono acredítase mediante selo e sinatura ou validación mecánica		Total a ingresar: 15,00 €

Cedeira, ____ de _____ de 2021.

Asinado: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA